

ALONSO GIRGADO, LUÍS; LUÍS COCHÓN e Laura PIÑEIRO PAIS (2017) (eds.): *Cadernos Ramón Piñeiro (XXXVII). Carlos Casares: homenaxe. De amicitia*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 534 pp.

Os *Cadernos Ramón Piñeiro* son publicacións que o propio Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades elabora cada certo tempo desde o ano 2003, e cos que pretende principalmente servir como canle de difusión de diversos aspectos concernentes á grande área das humanidades.

Precisamente, este ano veñen de sacar á luz o caderno número XXXVII, dedicado a un dos persoeiros máis relevantes da literatura galega do século XX e a quen este mesmo ano lle foi dedicado o Día das Letras Galegas. Así, o volume, que leva por título *Carlos Casares: homenaxe. De amicitia*, editado polos investigadores Luís Alonso Gigardo, Luís Cochón e Laura Piñeiro Pais é, principalmente, un compendio de escritos organizados en cadanseu capítulo, que nos axudan a entender e afondar en diversos aspectos sobre a figura de Carlos Casares.

O propio título, que contén a palabra *amicitia*, xa vaticina cal vai ser a tónica principal que se irá destilando ao longo de todo o volume, xa que os textos que nel se inclúen están escritos desde o máis sincero aprecio cara ao homenaxeado. Desta maneira, os colaboradores que decidiron participar neste último *Caderno* son todas aquelas persoas que, ou ben coñecían o autor de primeira man, debido a que compartían con el certa amizade, ou ben son coñecedores de diferentes aspectos do variado labor profesional que Carlos Casares desempeñou ao longo da súa vida. Entre os nomes máis destacables que se poden atopar dentro da obra son os de Ana Acuña, Xesús Alonso Montero, Darío Xohán Cabana, Xesús Ferro Ruibal, Manuel Forcadela, Xosé Luís Franco Grande, Arcadio López-Casanova ou Damián Villalaín, entre outros, polo que estamos

diante de persoas con autoridade, consagradas a maioría delas dentro da cultura galega.

Ademais dos artigos, que son os que conforman o groso do libro, este vai precedido dun *Limiar* escrito por Luís Cochón, no que expón unha sorte de acontecementos que describen brevemente unha aproximación biográfica do autor homenaxeado; e unha parte final elaborada por Luís Alonso Gigardo, onde incorporou a correspondencia entre Carlos Casares e Ramón Piñeiro entre o 1963 e 1978. Polo que respecta propiamente á sección dos artigos, o seu contido responde fundamentalmente a dous tipos: os de índole persoal, nos que diferentes colaboradores contan episodios que mostran a súa relación co escritor ourensán e describen na maioría dos casos certos acontecementos relevantes na carreira profesional do escritor; e de investigación, nos que se fai unha análise sobre diferentes obras do legado casariano. A pesar de que ambos os dous tipos de artigos son diferentes, certamente van debuxando as diversas facetas que constituían a personalidade dunha das figuras imprescindibles da nosa literatura.

Así, ao longo das páxinas van agromando devagar todas as compoñentes que nos permiten falar de Carlos Casares como unha persoa increíble e polifacética. Neste sentido, e por mostrarmos algún exemplo do seu traballo, menciónase en diferentes ocasións o gusto do escritor ourensán pola conversa e a actividade de contar, e como esta se converte na base que pode explicar a totalidade da súa obra literaria, tal como menciona Xesús Alonso Montero ao inicio do seu artigo “Carlos Casares, contertulio”:

Casares era un home que naceu para a conversa, para estar en parladoiro, cos amigos. Era un vicio nel. Fálase, con xustiza, do Casares

escritor, nomeadamente do narrador, e aí, neste xénero, esencialmente, está o capítulo máis importante da súa obra literaria. Carlos era, esencialmente, un contador, e supoño que xa o era de pequeno, daquela, só, un contador oral. (p. 31)

Porén, non só a oralidade e o pracer pola conversa son os únicos aspectos que definen o escritor e nos que insisten diferentes colaboradores, senón que tamén se destaca a influencia cristiá do autor e, en consecuencia, a súa loita contra o radicalismo relixioso. Neste sentido, o artigo de Antón Baamonde explica como na súa obra literaria está presente unha postura contra a “cegueira ideolóxica” (p. 41). Tamén existe espazo entre os artigos desta obra para falar do Casares comprometido desde o punto de vista político, debido, con certeza, aos acontecementos históricos que sucederon na súa época, e onde comeza o seu compromiso co galeguismo, elemento que influiría, xa que logo, en parte da súa obra (pp. 63-64). Ademais doutras circunstancias que foron determinantes para a súa escrita e que non serán desveladas para o deleite e descuberta do propio lector, no volume ponse de manifesto como Casares cultivou con boa maestría todos os xéneros literarios e como o autor contaba, e conta, cun abano heteroxéneo de lectores, entre os que se destaca un perfil neófito (p. 85), o que demostra o seu alcance. En síntese, todos os colaboradores coinciden na

definición de Casares como un entusiasta en todo o que facía tal como recolle Marina Mayoral no seu artigo “Casares. Tres apuntamentos”, no que salienta o bo novelista, xornalista, editor e aínda amigo que el era (p. 296).

En canto ao interese da obra, resulta manifesto que toda ela –artigos e epistolario– esperta grande interese entre un público concreto, afín á literatura. Non obstante, debido á forma na que se presenta, esta obra tamén é accesible para calquera tipo de persoa que queira achegarse á figura de Carlos Casares, xa que, a pesar das dimensións do libro (475 páxinas sen contar a parte final epistolar, coas que se chega ás 534), resulta manexable e moi cómodo para ler debido á brevidade e á relativa independencia dos artigos, que posibilita unha lectura fragmentada e interrompida.

Deste xeito, e debido a todo o anteriormente exposto, a obra *Carlos Casares: homenaxe. De amicitia* confórmase como un contributo esencial non só para completar a nosa historia literaria, senón tamén para a difusión do coñecemento das diversas claves que nos permiten a todos entender a figura e o gran traballo do escritor Carlos Casares.

Paula COUSILLAS PENA
 Universidad Complutense de Madrid
 paulacou@ucm.es